




Feira do Queixo

A Coruña e As Mariñas » Abegondo

Desde o ano 2.000, véndese celebrando no Concello de Abegondo a Feira do Queixo, onde se dan cita os mellores produtores locais de queixos artesanais.



Festa da Filloa

Costa da Morte » Zas

A Festa da Filloa en Zas lévase a cabo no polideportivo deste concello no mes de marzo



Xornadas Gastronómicas Padrón Sabor a Lamprea

Terras de Santiago » Padrón

As Xornadas Gastronómicas 'Padrón Sabor a Lamprea' enchen esta vila de numerosas actividades durante o mes de marzo



Festa do Lacón con Grelos

Terras de Santiago » Ordes

A Festa do Lacón con Grelos en Ordes, véndese celebrando desde o ano 1999 e acolle numerosas actividades



Festa da Orella

A Coruña e As Mariñas » Bergondo

Festa da Orella lévase a cabo en Cruz de Sar en Bergondo desde o ano 1996



Festa da Filloa de Lestedo

Terras de Santiago » Boqueixón

A festa da filloa de Lestedo converteuse nunha festa gastronómica de referencia da comarca



Festa da Merenda

Terras de Santiago » Frades

A Festa da merenda en Aiazo, Frades acada cada ano un maior número de visitantes

Feira do Grelo

Ferrolterra e Eume » Monfero



A Feira do Grelo no Val do Xestoso, no concello de Monfero, celébrase cada ano o domingo anterior ao entroido.



Festa do Polbo

Ferrolterra e Eume » Ortigueira

A Festa do Polbo en Espasante celébrase na praia de San Antonio no mes de marzo



Feira do Grelo

Ferrolterra e Eume » As Pontes de García Rodríguez

A Feira do Grelo nas Pontes foi a primeira que se adicou en Galicia a este produto.



Festa da Filloa

A Coruña e As Mariñas » Sada

A Festa da Filloa de Sada acolle o martes de entroido unha xornada adicada a este postre típico destas datas



Festa da Uña de San Lázaro

Terras de Santiago » Santiago de Compostela

A Festa da Uña de San Lázaro é unha das festas relixiosas e gastronómicas máis tradicionais deste barrio compostelán.



Festa do Queixo

Terras de Santiago » Arzúa

A festa do Queixo de Arzúa, celebrada desde o ano 1.976, é sen dúbida, unha das festas gastronómicas de referencia da provincia da Coruña



Feira-Festa da Filloa da Pedra da Baña

Terras de Santiago » A Baña

A Feira-Festa da Filloa da Pedra celébrase na localidade da Baña no mes de marzo desde o ano 2004.



Festa do Bolo do Pote

Costa da Morte » Mazaricos

O bolo feito con fariña de millo e recheo de cocido, pódese degustar na Picota a primeira fin de semana de marzo desde o ano 1999



Festa do Roscón de Lañas

A Coruña e As Mariñas » Arteixo

A Festa do Roscón de Lañas é organizada pola Asociación de veciños e veciñas desta parroquia do Concello de Arteixo



Festa do Congro

Costa da Morte » Muxía

A Festa do Congro é a exaltación do produto máis típico de Muxía.



Festa do Champiñón

Terras de Santiago » Ordes

A Festa do Champiñón de Ordes lévase a cabo dentro da Feira Multisectorial e de Maquinaria Agrícola Expo Ordes.



Festa da Empanada

Terras de Santiago » Val do Dubra

O Campo da Feira de Bembibre acolle esta festa para recibir a primavera



Degustación de Vaca Cachena

Terras de Santiago » Val do Dubra

A degustación de Vaca Cachena en Bembibre, dá a oportunidade de catar unhas das carnes mellor valoradas nas cociñas do noso país



Exaltación do Viño Ulla

Terras de Santiago » Vedra

A exaltación do Viño da Ulla en San Miguel de Sarandón no concello de Vedra, é unha festa de referencia na comarca

Festa do Melindre e da Repostería Tradicional da Terra de Melide



Terras de Santiago » Melide

Festa do Melindre e da Repostería Tradicional da Terra de Melide



Festa da Troita

Terras de Santiago » Oroso

A Festa da Troita de Sigüeiro acolle tamén un campionato de pesca sen morte para todo tipo de pescadores



Festa da Tortilla Grande de Carcacía

Terras de Santiago » Padrón

A orixinal festa da Tortilla Xigante de Carcacía en Padrón, véñse celebrando desde o ano 1987



Festa da Xiba

A Coruña e As Mariñas » Sada

Os locais participantes elaborarán tapas que repartirán de maneira gratuíta durante o fin de semana que dura a festa gastronómica.



Festa das Carrilleiras de Lamas

Ferrolterra e Eume » San Sadurniño

A Festa das Carrilleiras de Lamas en San sadurniño celébrase o último domingo de maio



Festa do Picantón de Rarís

Terras de Santiago » Teo

A festa do Picantón, celébrase cada ano na parroquia de Rarís, no Concello de Teo, durante o mes de maio.



Festa do Rixón

Terras de Santiago » Tordoia

A Festa do Rixón no lugar de Pontepedra en Tordoia, conmemora a San Isidro Labrador

Festa do Carneiro ao espeto

Terras de Santiago » Vedra



A Festa do Carneiro ao espeto en Vedra está organizada polo movemento asociativo do concello



Festa da Orella

Terras de Santiago » Vedra

A festa da Orella en San Fins de Sales, en Vedra, rende homenaxe tanto á orella do porco como ao tradicional postre



Festa do Carneiro ao espeto

A Coruña e As Mariñas » Aranga

Esta festa, organizada pola Asociación de veciños e veciñas, reúne cada ano en Feás (Aranga) a un numeroso público para degustar o carneiro ao espeto



Festa do porco á brasa

Terras de Santiago » Vedra

A festa do Porco á Brasa, celébrase no mes de maio, no local multiusos da parroquia de Trobe, no concello de Vedra.



Festa do Pan

A Coruña e As Mariñas » Carral

Carral é recoñecido pola excepcional calidade do seu pan, por isto cada ano, esta localidade festexa a súa tradicional Festa do Pan



Festa do Carneiro

Ría de Muros e Noia » Lousame

A Festa do Carneiro en San Roquiño en Tállara, Lousame, recuperou unha tradicional receita de cociña



Festa da Cachena

Ría de Muros e Noia » Muros

A Comunidade de Montes Santa Mariña de Esteiro ofrece cada ano unha festa para degustar a carne de vaca cachena.

Festa do Viño Xuviño

Ferrolterra e Eume » Narón



No Xuviño Gastronómico participan medio centenar das adegas máis representativas do país.



Festa do Raxo

Costa da Morte » Ponteceso

Durante esta Festa, a comisión reparte centos de racións desta saborosa carne



Festa da Tortilla

Ferrolterra e Eume » Vilarmaior

A Festa da Tortilla de Doroña en Vilarmaior, ofrece ademais da degustación típica das festas gastronómicas unha ruta de sendeirismo para coñecer a contorna



Festa da Xiba

Ferrolterra e Eume » Ares

O Concello de Ares en colaboración coa Deputación da Coruña celebra cada ano a Festa da Xiba.



Festa da Faguía ou dos Callos de Carnés

Costa da Morte » Vimianzo

A Festa da Faguía ou dos Callos ten a súa orixe na fundación da Confraría de San Cristovo de Carnés no ano 1608



Festa do Percebe

Ferrolterra e Eume » Cedeira

Cada ano o Concello e a Confraría de Pescadores de Cedeira colaboran na organización dun programa que se converte nunha das principais referencias gastronómicas do verán.



Festa Gastronómica do Cochiño

Terras de Santiago » Cerceda

A Festa Gastronómica do Cochiño en Cerceda, celébrase cada ano o último sábado de xullo.

Festa das Cereixas



A Coruña e As Mariñas » Culleredo


A Festa das Cereixas en Culleredo celébrase cada ano cunha variada programación.



Festa do Polo Pedrosiano

A Coruña e As Mariñas » Culleredo

Dentro deste evento lévase a cabo unha pequena ruta pola contorna de Orro, seguida da degustación do "Polo Pedrosiano"



Feira das Cereixas

Costa da Morte » A Laracha

O comercio, a gastronomía e os actos lúdico-festivos combínanse durante a primeira fin de semana do mes de xullo nesta feira gastronómica da parroquia de Lestón, en Laracha.



Festa do Polbo

Ferrolterra e Eume » Mugardos

A Festa do Polbo de Mugardos foi declarada Festa de Interese Turístico pola Xunta de Galicia



Festa da Ameixa e do Mexillón

Ferrolterra e Eume » Narón

A Festa da ameixa e do mexillón en San Mateo organízase cada ano desde a asociación de veciños e veciñas coa colaboración do concello de Narón.



Exaltación do Marisco da Ría


Ferrolterra e Eume » Narón

A colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Veciños e Veciñas Altea de Xuvia fan posible a organización desta xornada para promocionar os produtos da ría de Ferrol

Festa do Pemento do Couto

Ferrolterra e Eume » Narón

O Pemento do Couto, unha variedade autóctona de pemento moi semellante ao pemento de Padrón, é o protagonista desta festa gastronómica do Concello de Narón



Mostra do Branco Lexítimo

A Coruña e As Mariñas » Paderne

A Mostra do Branco Lexítimo de Paderne ten o propósito de dar a coñecer a actividade bodegueira da comarca



Festa do Percebe do Roncudo

Costa da Morte » Ponteceso

Na Festa do Percebe do Roncudo de Corme, de fama e repercusión nacional e internacional, os lugareños e turistas mestúranse para saborear este manxar.



Festa da Xouba

Ría de Arousa Norte » Rianxo

A Festa da Xouba en Rianxo celébrase nas datas próximas á festividade de Santiago Apóstolo do 25 de xullo.



Festa do Percebe

Ría de Arousa Norte » Ribeira

Desde 1997, tódolos anos se vén celebrando en Aguiño unha das festas gastronómicas máis apetecibles do Barbanza, organizada pola Confraría de Pescadores de Aguiño



Festa do Escalo

Terras de Santiago » Trazo

A Festa do Escalo de Chaián vense celebrando desde hai máis de 40 anos, e inclúe o xa tradicional concurso de pesca de ciprinidos



Festa do Chourizo ao Viño

Terras de Santiago » Ames

A Festa do Chourizo ao Viño en Ortoño, Ames ofrece unha degustación de chourizos ao viño con cachelos amenizada por actuacións musicais



Festa do Escalo

Terras de Santiago » Vedra

A Festa do Escalo de Vedra lévase a cabo ao carón do río Ulla, na área de recreo de Agronovo



Festa do Mexillón

A Coruña e As Mariñas » Oleiros

A Festa do Mexillón, lévase a cabo no Porto de Lorbé, localidade coñecida pola produción de mexillóns nas Rías Altas



Festa do Percebe de Lubre

Ferrolterra e Eume » Ares

A parroquia aresá de Lubre celebra cada ano a súa festa do percebe



Festa do Mexillón

A Coruña e As Mariñas » Oza - Cesuras

Dentro das Festas da Cofradía na parroquia de Cines se celébrase cada ano unha xornada de exaltación do mexillón, en Oza-Cesuras.



Exaltación do Mexillón

Ría de Arousa Norte » Boiro

A festa de exaltación do Mexillón de Boiro ofrece ademais da degustación gastronómica unha serie de actividades pedagóxicas ao redor deste produto típico



Festa dos Rixóns quentes con Filloas

A Coruña e As Mariñas » Oza - Cesuras

Dentro da festividade relixiosa en honra a San Vicente, lévase a cabo a Festa dos Rixóns quentes con Filloas, na parroquia de Carres, en Oza-Cesuras

Mexillonada

Costa da Morte » Cabana de Bergantiños

A Mexillonada de Canduas, en Cabana de Bergantiños, marca o comezo das festas de verán da localidade.



Festa do Pemento de Herbón

Terras de Santiago » Padrón

O primeiro sábado de agosto celébrase a Festa do Pemento de Herbón, declarada de interese turístico na provincia da Coruña.



Festa do Requeixo

Ferrolterra e Eume » A Capela

A Festa do Requeixo nas Neves celébrase o último domingo de agosto e ten acadada moita sona en toda a comarca



Festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar

Terras de Santiago » O Pino

A Festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar, que se celebra anualmente o primeiro fin de semana de agosto no lugar de Pedrouzo- Arca, vense realizando desde o ano 1999.



Festa do Berberecho

Costa da Morte » Carballo

A Festa do Berberecho de Carballo celébrase en Imede na penúltima semana de agosto



Exaltación do Polbo

Ría de Muros e Noia » Porto do Son

Na exaltación do Polbo en Porto do Son poderase degustar a receita tradicional deste cefalópodo



Festa do Cachelo

Costa da Morte » Carballo

A Festa do Cachelo de Oza organizada pola asociación de veciños e veciñas do lugar ofrece as patacas coa pela acompañadas de churrasco e sardiñas



Festa do Mexillón

Ría de Arousa Norte » Rianxo

A primeiros de agosto celébrase a festa gastronómica con diversas actividades arredor dun dos produtos estrela da vila de Rianxo.



Festa do Mexillón

Costa da Morte » Carballo

A Festa do Mexillón de Carballo celébrase cada mes de agosto na contorna privilexiada de Santa Irene de Castrillón, en Lema.



Festa da Solla

Ría de Arousa Norte » Rianxo

A Festa da Solla de Rianxo, celébrase cada ano na parroquia de Leiro para degustar este peixe singular



Festa do Pichorro

Costa da Morte » Carballo

A Festa do Pichorro de Cances, dá a oportunidade de degustar este produto que dá nome á espiga de millo cando aínda é tenra e noviña



Festa da Navalla

Ría de Arousa Norte » Ribeira

A zona portuaria acolle en agosto a Festa da Navalla, en Aguiño, no Concello de Ribeira



Festa da Caldeirada e da Sardiña Lañada

Ferrolterra e Eume » Cariño

Festa da Caldeirada e da Sardiña Lañada, de Cariño lévase a cabo cada ano na Praza Roxa do concello



Festa do Polbo

Ría de Arousa Norte » Ribeira

A Festa do Polbo de Palmeira celébrase a última fin de semana de agosto, nesta parroquia de Ribeira

Feira da Troita



Terras de Santiago » Sobrado

Desde o ano 2000 celébrase en Sobrado o 2º ou 3º fin de semana de agosto a "Feira da Troita", unha festa gastronómica que exalta este alimento



Festa da Cachelada de Mallou

Costa da Morte » Carnota

A AVV Mallou-Maceiras do Concello de Carnota organiza cada ano a Romería da Cachelada cun programa completo con actividades variadas.



Festa do Percebe de Meirás

Ferrolterra e Eume » Valdoviño

Aproveitando a calidade da súa despensa, a parroquia de Meirás, en Valdoviño, celebra no verán a Festa do Percebe.



Festa Gastronómica do Longueirón

Costa da Morte » Fisterra

Durante a primeira fin de semana de Agosto, Fisterra acolle a festa gastronómica do Longueirón



Festa do Chourizo

Terras de Santiago » Vedra

A Festa do Chourizo, en Vedra celébrase cada ano na área recreativa de Cubelas na parroquia de Sarandón



Feira da Cebola Chata de Miño

A Coruña e As Mariñas » Miño

A Feira da cebola chata de Miño, ten como obxectivo principal a posta en valor deste produto local moi valorado no mercado galego.



Festa de San Roque

Ría de Muros e Noia » Muros

A Festa de San Roque da a coñecer os produtos do mar mediante a degustación de mexillóns, navallas e outros mariscos elaborados.

Festa dos Callos



Ferrolterra e Eume » Mugardos

A asociación de veciños e a asociación cultural e recreativa de San Xoán de Piñeiro, en Mugardos, celebra cada ano a súa Festa dos Callos



Festa do Porco ao espeto

Ferrolterra e Eume » Narón

A Asociación de Veciños e Veciñas Virxe da O de Pedroso e o Concello de Narón organizan cada ano a Festa do Porco ao espeto, en Pedroso



Festa da Empanada

Ría de Muros e Noia » Noia

A Festa da Empanada, en Noia inclúe tamén un concurso de empanadas no que participan profesionais e particulares.



Festa da Pataca

Costa da Morte » Coristanco

A festa da exaltación deste tubérculo nace en 1981, pola necesidade de dar a coñecer a calidade deste produto gastronómico.



Festa do Porco ao espeto

Costa da Morte » Cabana de Bergantiños

A Festa do Porco ao espeto, en Cabana de Bergantiños celébrase dentro das Festas de San Ramón na parroquia do Esto.



Festa da Empanada

A Coruña e As Mariñas » Carral

A empanada é, xunto con pan, outro produto estrela da gastronomía de Carral. Esta vila coruñesa festexa a Festa da Empanada de Carral cada mes de setembro.



Feira do Mel e produtos ecolóxicos

Ferrolterra e Eume » Narón

Esta feira celébrase a segunda fin de semana de outubro no Recinto Feiral do Trece de Narón



Feira-Festa das Fabas

Costa da Morte » Ponteceso

A Feira-Festa das Fabas, en Ponteceso é un dos encontros gastronómicos máis relevantes da comarca.



Feira do Queixo e Mel

Ferrolterra e Eume » As Pontes de García Rodríguez

No mes de outubro a parroquia pontesa de Goente celebra a Feira do Queixo e do Mel, unha festa de exaltación de dous dos produtos máis populares da gastronomía local



Cervefeira Artesá

A Coruña e As Mariñas » Sada

Máis de 30 tipos de cervexa poderanse degustar na Cervefeira Artesá de Sada



Festa do cogomelo

Terras de Santiago » Curtis

A Festa do cogomelo celébrase en Teixido o último fin de semana de outubro.



Semana da tortilla

A Coruña e As Mariñas » Betanzos


A tortilla de Betanzos vén a ser o prato estrela da gastronomía betanceira desde o 2007



Festa da Fabada

Costa da Morte » A Laracha

A Festa da Fabada, que organiza a asociación cultural Queiroga levarase a cabo cada ano na localidade de Paiosaco (A Laracha).



Festa do Mel

A Coruña e As Mariñas » Oleiros

A Festa do Mel, en Oleiros celébrase no mercado municipal de Perillo a comezos de novembro.



Feira do Mel

Ferrolterra e Eume » Ortigueira

A Feira do Mel de Ortigueira ofrece palestras abertas sobre a apicultura e mercado e actividades lúdicas.



Feira dos Fungos e Cogomelos

Ferrolterra e Eume » As Pontes de García Rodríguez


O Concello das Pontes acolle no mes de novembro a súa tradicional "Feira de Fungos e Cogomelos" cun amplo programa de actividades



Feira Exaltación de Produtos da Zona

Terras de Santiago » Toques

A Feira Exaltación de Produtos da Zona, en Toques, ten como obxectivo a promoción dos produtos autóctonos.



Festa da Nabiza e do Queixo

Terras de Santiago » Curtis

A Festa da Nabiza e do Queixo, en Curtis ten lugar a principios de decembro no recinto feiral de Curtis.



Festa do Marisco

Ferrolterra e Eume » Mañón

A localidade coruñesa do Barqueiro (Mañón) celebra en decembro, a súa consolidada Festa do Marisco

Avenida Porto da Coruña nº 2, 15003 A Coruña

turismo@dacoruna.gal

981 080 837 - 981 080 838

[Acceso á intranet](#)

Source URL: <https://turismo.dacoruna.gal/gl/actualidade/festas-gastronomicas-pdf>